


Da Galiza mitolóxica

Publicado o 20 Outubro 2011 por Armando Requeixo



Hai traballos que non son simples libros. Son o resultado do labor paciente e entregado dun autor ao longo de anos, son o froito madurecido de moitas horas de traballo, de moitas tardes pescudando en bibliotecas, de moitas noites imbandando bibliografía. Por iso a súa soa existencia merece o aplauso máis sonoro, congratulármonos con quen lle deu vida, pois a nosa cultura medra e enriquecese grazas á súa dedicación.

Así coido eu que cómpre recibir un volume como *Mitoloxía de Galiza*, do poeta, narrador e fotógrafo [Vitor Vaqueiro](#), quen hai agora trece anos publicaba unha importante [Guía da Galiza máxica, mítica e lendaria](#) da que este novo libro é versión moi mellorada e aumentada.

Mitoloxía de Galiza artículase como un dicionario de case tres centos e medio de entradas nas que, como o propio subtítulo anuncia, foron inseríndose voces nas que se deu conta de moitas das nosas “Lendas, tradicións, maxias, santos e milagres”.

Redactado co saber que o Vaqueiro ficcionador atesoura, esta obra, incluída na colección Guías AZ da Editorial Galaxia, vai acompañada de abondoso material fotográfico que, en non poucos casos, é tamén da autoría do escritor vigués.

A maioría dos grandes seres míticos galegos, das nosas lendas (ou lendahistorias) máis coñecidas, dos usos e costumes supersticiosos e rituais, das devocións milagreiras e aínda dos individuos míticos desfilan polas páxinas de *Mitoloxía de Galiza*, unha auténtica enciclopedia da nosa cultura espiritual que se completa cunha ampla bibliografía final (medio milleiro de ítems, un dez por cento deles dixitais) e un exhaustivo índice analítico de entradas.

Mais, como toda obra de ambición e envergadura, o dicionario de Vaqueiro presenta tamén algunhas apostas cando menos opinables. Non teño claro, por exemplo, que o traballo do estudoso vigués gañe deixando de lado obras referenciais como o [Diccionario de Etnografía e Antropoloxía de Galiza](#) de Xosé Ramón Mariño Ferro e Xosé Manuel González Reboredo. Nin tampouco creo que enriqueza a súa achega non ter aproveitado nin unha soa da ducia longa de monografías sobre o tema do profesor [Manuel Quintáns Suárez](#) ou, na mesma liña, ter obviado a incorporación de referencias de traballos clave como a [Etnografía mindoniense](#) de Eduardo Lence Santar, por non falar do erróneo de presentar no libro romances de autor como o [“Gaiferos de Mormaltán”](#) ou [“Dama Xelda”](#) como se fosen literatura galega de tradición oral.

En fin, observacións que non deben desdourar o admirable traballo de Vaqueiro nesta *Mitoloxía de Galiza*, manual de imprescindible consulta para saber de quen vimos sendo, onde andamos e a que volta nos peta deitarnos.

Esta entrada foi publicada en Crítica literaria